

**NOTA DE PRENSA 086/23  
11 DE OUTUBRO DE 2023**

**CASE 200 ALUMNOS ASISTIRON Á TERCEIRA PARADA DO PROGRAMA  
“FGA NAS AULAS” CELEBRADO EN LUGO**

O programa de charlas “FGA nas Aulas” retomou a actividade este mércores 11 de outubro coa súa terceira parada, esta vez no CIFP As Mercedes de Lugo.

Este centro, que estrea este curso a súa FP Dual de Automoción especializada en mecánica de competición, respondeu de maneira realmente positiva ao convite da FGA, xa que acudiron a ponencia case 200 alumnos das distintas ramas formativas.

Na charla estiveron presentes Diego García (piloto de autocross e vencedor da derradeira proba do Campionato de Europa en Mollerusa na categoría Academy); Marcos Gregores (mecánico do equipo Hyundai no Campionato do Mundo de Rallyes); César Díaz (piloto e preparador lucense); José Alonso Liste (piloto lucense participante no Campionato de Europa de Montaña) e Daniel Hortas (piloto e presidente da Escudería Lucus Rally).

No coloquio, que durou aproximadamente unha hora, os convidados analizaron a súa traxectoria deportiva e as dificultades que tiveron nos seus inicios, ademáis de darlles consellos á hora de afrontar o seu futuro profesional no mundo do motor. No turno de preguntas, os alumnos quixeron coñecer distintas interioridades da competición, antes de ir ao exterior do recinto para rematar visitando os vehículos expostos.

A cuarta e última parada do programa “FGA nas Aulas” de 2023 será en Ourense durante o mes de novembro.